



Departamento de Imaxe Persoal.
Ciclo Medio de Peiteado e Cosmética Capilar.
IES Lamas de Abade.
Raiola, 8.
15702 Santiago.



PROGRAMACIÓN DO PROXECTO INTERMODULAR

CONTIDO

Obxecto e ámbito de aplicación

O módulo de Proxecto intermodular constitúe o nexo de unión entre a formación académica e a realidade profesional. Pretende que o alumno integre os coñecementos adquiridos nos diferentes módulos profesionais do ciclo e os aplique na elaboración dun proxecto viable, innovador e sostenible no ámbito da estética e a beleza.

O seu desenvolvemento favorece a autonomía, a toma de decisións, a creatividade e o traballo colaborativo, competencias clave que define o perfil profesional do título.

Módulo profesional de Proxecto

Segundo a *RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas profesional do sistema educativo no curso 2025/26 de formación* incluirán e desenvolverán os seguintes apartados:

1. A programación para os módulos profesionais de Proxecto e de Proxecto intermodular consistirá nun documento de especificacións sobre as características e o alcance do traballo que se vaia realizar, que, en todo caso, deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional de que se trate.

2. Os proxectos que desenvolvan os alumnos e as alumnas serán coordinados polo profesorado con atribución docente neste módulo, preferentemente o que estea a impartir docencia no segundo curso do ciclo formativo. Para tal efecto, realizará as propostas de traballo ao principio do primeiro trimestre de cada curso académico, e deberán incluír o seguinte:

a) Especificación detallada do conxunto do proxecto para realizar, con indicación expresa das actividades que se deban traballar de xeito individual ou en grupo, así como de forma presencial ou a distancia.

b) Datat e horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, para o que se establecerán canles de comunicación presencial, telefónica ou telemática.

c) Prazos de entrega do proxecto para a súa supervisión.

d) Criterios de avaliación, con especial atención ao formato de presentación da documentación e á exposición do informe final do proxecto.

3. Antes da incorporación á formación na empresa ou organismo equiparado, o profesor ou a profesora responsable do módulo asignará os proxectos propostos ao alumnado que estea en disposición de cursar os devanditos módulos.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Duración: 50 horas

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación:

RA1. Caracteriza as empresas do sector atendendo á súa organización e ao tipo de produto ou servizo que ofrecen.

CA1.1. Identificáronse as empresas tipo máis representativas do sector.

CA1.2. Describiuse a estrutura organizativa das empresas.

CA1.3. Caracterizáronse os principais departamentos.

CA1.4. Determináronse as funcións de cada departamento.

CA1.5. Avaliouse o volume de negocio de acordo coas necesidades da clientela.

CA1.6. Definiuse a estratexia para dar resposta ás demandas.

CA1.7. Valoráronse os recursos humanos e materiais necesarios.

CA1.8. Realizouse o seguimento dos resultados de acordo coa estratexia aplicada.

CA1.9. Relacionáronse os produtos ou servizos coa súa posible contribución aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

RA2. Formula solucións ás necesidades do sector tendo en conta a viabilidade destas e os custos asociados, e elabora un pequeno proxecto.

CA2.1. Identificáronse as necesidades.

CA2.2. Formuláronse en grupo posibles solucións.

CA2.3. Obtívose a información relativa ás solucións propostas.

CA2.4. Identificáronse aspectos innovadores que poidan ser de aplicación.

CA2.5. Realizouse o estudo de viabilidade técnica

CA2.6. Identificáronse as partes do proxecto.

CA2.7. Prevíronse os recursos materiais e humanos para o realizar.

CA2.8. Realizouse o orzamento correspondente.

CA2.9. Definiuse e elaborouse a documentación para o seu deseño

CA2.10. Identificáronse os aspectos relacionados coa calidade do proxecto.

CA2.11. Presentáronse en público as ideas máis relevantes dos proxectos propostos.

RA3. Planifica a execución das actividades propostas á solución formulada, determinando o plan de intervención, e elabora a documentación correspondente.

CA3.1. Temporizáronse as secuencias das actividades.

CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística de cada actividade.

CA3.3. Identificáronse permisos e autorizacións en caso de ser necesarios.

CA3.4. Identificáronse as actividades que implican riscos na súa execución.

CA3.5. Tivéronse en conta o plan de prevención de riscos e os medios e os equipamentos necesarios.

CA3.6. Asignáronse recursos materiais e humanos a cada actividade.

CA3.7. Tivéronse en conta posibles imprevistos.

CA3.8. Propuxéronse solucións aos posibles imprevistos.

CA3.9. Elaborouse a documentación necesaria

RA4. Realiza o seguimento da execución das actividades propostas, verificando que se cumpra coa planificación.

CA4.1. Definiuse o procedemento de seguimento das actividades.

CA4.2. Verificouse a calidade dos resultados das actividades.

CA4.3. Identificáronse posibles desviacións da planificación e/ou os resultados esperados.

PROXECTO INTERMODULAR

CA4.4. Informouse das desviacións en caso de ser necesario.

CA4.5. Solucionáronse as desviacións e documentáronse as intervencións

CA4.6. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto no seu conxunto.

RA5. Transmite información con claridade, de maneira ordenada e estruturada.

CA5.1. Mantívose unha actitude ordenada e metódica na transmisión da información.

CA5.2. Transmitiuse información verbal tanto horizontal como verticalmente.

CA5.3. Transmitiuse información entre os membros do grupo utilizando medios informáticos.

CA5.4. Coñecéronse os termos técnicos noutras linguas que sexan estándares do sector.

Prazos entrega PROXECTO para a súa supervisión

PROXECTOS PRIMEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2025	PROXECTOS NOUTRAS DATAS 2026
✓ Tres días hábiles dende????????????????	✓?????
✓	✓
✓	✓

Organización e atribución docente. Titorización e Seguimento.

- O tribunal de avaliación do proxecto está conformado polo equipo docente do ciclo.
- O equipo docente determinará o momento no que debe iniciarse o proxecto, que se

PROXECTO INTERMODULAR

realizará principalmente de forma simultánea coa formación no centro educativo,

aínda que polas particularidades do proxecto poderá estenderse á fase de formación na empresa.

- c) Para o seguimento presencial destes módulos, logo de iniciada a realización do módulo de Formación en centros de traballo ou a fase de formación na empresa, aproveitarase a xornada quincenal de recepción do alumnado no centro educativo para o seguimento deste.

DATAS RECEPCIÓN ALUMNO	HORARIOS	CANALES DE COMUNICACIÓN
✓ 09-03-2026	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 23-03-2023	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 06/04/2025	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 20/04/2026	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 04/05/2026	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 18/05/2026	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
✓ 01/06/2026	✓ 15:10h Martes. T/ 1 PERRUQUERÍA.	✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.

- d) Cada proxecto será titorizado polo profesorado con atribución docente neste módulo, que será debidamente comunicado ao alumnado, unha vez aceptada a proposta.
- e) A responsabilidade de contactar co titor/a é do alumnado.

- f) A titorización é imprescindible neste proceso e non se van admitir proxectos de última hora sen titorización previa.

Tipos de proxectos.

Os proxectos poderán ser de diferentes tipos:

- a) **Plan técnico.** Consistirán na elaboración de proxectos de posta en marcha dun proceso para a produción de bens ou servizos.
- b) **Proxecto de empresa.** Consistirán na elaboración dun proxecto de creación de empresas relacionadas co ciclo formativo, estudos de viabilidade, estudos de mercado e mercadotecnia.
- a) **Análise dos procesos da empresa na que realiza FCT.** Consistirán na elaboración dun proxecto de creación de empresas relacionadas co ciclo formativo, estudos de viabilidade, estudos de mercado e mercadotecnia.

Realización

O módulo de proxecto realizarase unha vez superados todos os módulos e simultaneamente co de Formación en Centros de Traballo.

Entrega do proxecto

A entrega do Proxecto poderá realizarse:

- a) De forma presencial, en horario de tarde (de 15:10 a 17:40 horas).

Entregarase un arquivo dixital en formato editable (.doc, .docx ou .odt) e outro en formato pdf, en soporte dixital en forma de: memoria USB, tarxeta SD, etc.

Toda a documentación e soporte dixital non será devolta.

b) A través do correo electrónico oficial do centro[@edu.xunta.gal](mailto:edu.xunta.gal), non admitíndose tramitación mediante correo postal ou outro correo electrónico distinto do xa mencionado.

✓ En asunto deberá aparecer: Entrega de proxecto e nome do alumno/a

✓ <https://www.edu.xunta.gal/centros/ies.lamas.abade>

c) A documentación poderá ser entregada ata a data límite que determine a comisión de avaliación, e que será debidamente informada por cauces oficiais. Non se admitirán entregas fora de prazo, sexa cal sexa a forma de entrega do mesmo, salvo causa debidamente xustificada.

Propiedade intelectual e uso dos proxectos

✓ A propiedade dos traballos é exclusiva do alumnado.

✓ No centro conservarase unha copia dos materiais entregados que poderán ser utilizados a efectos docentes e de consulta.

✓ O alumnado, deberá asinar un documento no que se manifieste o consentimento ou non do uso do seu proxecto nos termos arriba indicados.

Avaliación e cualificación

1. A avaliación realizarase de xeito individual para cada alumno ou alumna tendo en conta a súa participación e a súa implicación no desenvolvemento do proxecto, e tendo en conta os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación que se indican nos currículos correspondentes.

PROXECTO INTERMODULAR

2. O profesor/a tutor/a do módulo encargárase de asinar as actas da sesión de finais de módulos coas cualificacións obtidas por cada alumno ou alumna, de acordo coa valoración efectuada polo equipo docente.
3. O módulo de proxecto avaliarase unha vez cursada a FCT (formación en centros de traballo) e tendo en conta que deben acadar unha cualificación “APTO” na mesma.
4. A avaliación realizarase de forma individual para cada alumno/a. A avaliación do proxecto realizarase da seguinte forma:
 - ✓ Comunicación presencial, telefónica ou telemática.
 - ✓ Na avaliación teranse en conta dúas partes:
 - **Proxecto propiamente dito (60% da nota)**
 - **Exposición do mesmo (40% da nota).**
 - ✓ A parte escrita, valorarase tendo en conta os resultados de aprendizaxe cos seus criterios correspondentes. ([Ver anexo III](#))
 - ✓ Tamén se terá en conta a forma e estrutura formal escrita do proxecto ([Ver anexo IV](#))
 - ✓ A segunda parte (exposición) levarase a cabo segundo os criterios previamente establecidos para iso. ([Ver anexo V](#))
 - ✓ As decisións da Comisión de avaliación tomaranse por maioría simple, e no caso de ser necesario, será decisivo o voto de calidade do presidente, que con carácter xeral será o titor/a do ciclo e tendo en conta a opinión do titor/a de proxecto.
 - ✓ A exposición será pública e ante a comisión de avaliación. Poderá asistir o alumnado do centro si se considera oportuno.
 - ✓ Se o resultado da avaliación non fose unha cualificación positiva, o alumnado

PROXECTO INTERMODULAR

poderá completar ou modificar o proxecto para a súa presentación, avaliación e cualificación na seguinte convocatoria extraordinaria do curso, baixo as mesmas premisas.

- ✓ O resumo da avaliación e cualificación, recóllese no [Anexo VI](#)

Anulación e renuncia

Poderá solicitarse a anulación da matrícula ou da convocatoria do módulo profesional de proxecto nas mesmas condicións que o resto de módulos profesionais.

CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO

Normas de presentación

EXTENSIÓN

Mínimo 18 páxinas, máximo 20 sen contabilizar portada, índice, bibliografía e anexo Título. Debe reflectir o máis claramente posible o contido do traballo, facendo referencia ao núcleo ou tópico do traballo. Debe incluír a localización do proxecto.

- ✓ Autor con nome e apelidos.
- ✓ Centro, titulación, módulo...
- ✓ Data
- ✓ Nome do titor/a

AGRADECEMENTOS

Si se considera necesario.

ÍNDICE

Debe conter os capítulos ou epígrafes e estar paxinado. Farase coas ferramentas que proporcionan os procesadores de texto que permiten poder ir a calquera epígrafe de forma rápida (IMPRESINDIBLE que o índice estea hipervinculado)

SECCIÓN CENTRAL

MEMORIA

1. Introducción e descrición do proxecto
2. Xustificación, obxectivos xerais e específicos.
3. Localización
4. Condicionantes para a realización do proxecto, incluíndo normativa aplicable.
5. Corpo do traballo: Proceso produtivo, instalacións e construcións, planificación e execución, procedementos de actuación, esquemas, explicacións concretas do proceso realizado cunha secuenciación lóxica e ben estruturada e organizada, xustificación de todas as decisións tomadas segundo os criterios axeitados.
6. Recursos humanos (persoal que vai traballar, requisitos, funcións... adaptados aos diferentes postos de traballo obxecto do proxecto).
7. Identificación de riscos básicos axeitados ao proxecto. Medidas de prevención e control deses riscos e medidas correctoras.

PROXECTO INTERMODULAR

8. Estudio medioambiental. Pequeno estudio básico sobre as consecuencias que pode ter para o entorno o proxecto e as súas actuacións.
9. Xestión da calidade (métodos para a medida da satisfacción e métodos de control de calidade do produto).
10. Valoración económica e presuposto básico. Posibles subvencións e outras actuacións no ámbito económico.
11. Calendario de actuacións completo e con soporte gráfico (organigrama básico)
12. PLANOS. Todos os proxectos, deberán presentar a lo menos 3 planos: un de localización, outro de estrutura xeral de disposición do exposto no proxecto e un último de algún detalle determinado que sexa representativo do mesmo.
13. Conclusións. Resumo ou síntese das ideas esenciais, cunha argumentación clara e concisa do que se considera fundamental.
14. Opinión persoal. Xuízo crítico sobre o que o traballo suxire ao alumno/a, de xeito argumentado, procurando non caer nun subxectivismo excesivo, evitando argumentacións categóricas ou provocadoras.
15. Poden admitirse variacións a este esquema xeral, sempre baixo a supervisión e aceptación do titor/a.

BIBLIOGRAFÍA

Incluída lexislación, seguindo as normas APA. [Ver anexo VII](#)

[ANEXOS](#) (incluído o fotográfico), se fosen necesarios.

Normas xerais a ter en conta

- ✓ Redacción correcta, sen faltas de expresión e sen faltas de ortografía.
- ✓ Formato axeitado e similar en todo o proxecto.
- ✓ Estrutura da exposición clara e secuencial, ordenada, precisa e xustificada segundo criterios axeitados.
- ✓ **Non utilizar o corta-pega, os textos deben expresarse con palabras propias sen facer plaxios nin utilizar IA.**
- ✓ Ideas claras e concisas sen alongar de forma artificial os textos. Recordar “menos é máis”.
- ✓ Non utilizar colorido en exceso, nin tampouco moi diferentes tipos de letra.
- ✓ Marxes: superior e inferior de 2.5cm, a esquerda 3.5 e a dereita 3 cm.
- ✓ Entrelíñado de 1.5 e tendo en conta que non deben quedar liñas orfas (soltas ao final da páxina) ou viúvas (liña solta ao comezo da mesma). Isto non é de aplicación nas táboas e nos documentos gráficos.

PROXECTO INTERMODULAR

- ✓ Tamaño de letra 12 puntos e tipo Arial e uniforme en todo o texto.
- ✓ Non convén abusar da cursiva, negriña ou subliñado.
- ✓ As páxinas deben ir numeradas (excepto á portada e o índice, normalmente tampouco as páxinas preliminares (agradecementos))
- ✓ Obrigatorio que vaia un encabezado e un pé de páxina que se diferencie claramente do resto do texto para evitar confusións co mesmo.
- ✓ Textos con sangría total ou aliñados a esquerda (nunca centrados).
- ✓ A primeira liña do parágrafo con sangría para evitar que todo o texto se vexa demasiado continuo.

Exposición oral do traballo

- ✓ Farase mediante resumo, empregando un tempo máximo de 15 minutos (importante axustarse ao tempo). Unha vez concluído ese tempo interromperase a presentación aínda que non rematase.
- ✓ Recomenda se utilizar, como material de apoio, unha presentación con imaxes, diagramas, esquemas, etc. Ao remate da exposición, o equipo docente, poderá realizar preguntas ou aclaracións ao alumno/a por un tempo de 10 min como máximo.
- ✓ Na exposición poderá estar presente o alumnado do resto do ciclo, sempre que o profesorado o considere oportuno (non realizarán preguntas).

Outros Datas de entrega e exposición do proxecto

Convocatoria	Presentación	Exposición
1ª	10/06/2026	10/06/2026
2ª	11/06/2026	11/06/2026
3ª	12/06/2026	12/06/2026

ANEXO I: Exemplo de proposta

Alumno/a: (apelidos e nome)

DNI: Móbil:

e-mail:

Título do Proxecto:

Xustificación

Obxectivos:

Tipo de proxecto:
Plan Técnico

Proxecto de empresa

Empresa de FCT

Aspectos principais que se pretenden abordar.

(*) Descrición do Proxecto ou no seu caso da empresa/empresas nas que se realiza a FCT, cos aspectos principais que se prenden abordar.

(*). No caso que o espazo non sexa suficiente, poderá engadirse información no reverso

Data:

Asdo: O/A alumno/a

NOME DO ALUMNO	
DATA	
ACTIVIDADES PROPOSTAS	
ACTIVIDADES DESENVOLTAS	
Entregouse, en forma e prazo a documentación esixida	
SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	
PARCIALMENTE <input type="checkbox"/> ¿En qué medida?	
Sinatura TITOR/A	Sinatura ALUMNO/A

ANEXO II: Seguimento do proxecto presencial

ANEXO III: Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

PUNTUACIÓN TOTAL PARTE ESCRITA	
RA1. Caracteriza as empresas do sector atendendo á súa organización e ao tipo de produto ou servizo que ofrecen.	
CA1.1. Identificáronse as empresas tipo máis representativas do sector.	
CA1.2. Describiuse a estrutura organizativa das empresas.	
CA1.3. Caracterizáronse os principais departamentos.	
CA1.4. Determináronse as funcións de cada departamento.	
CA1.5. Avaliouse o volume de negocio de acordo coas necesidades da clientela.	
CA1.6. Definiuse a estratexia para dar resposta ás demandas.	
CA1.7. Valoráronse os recursos humanos e materiais necesarios.	
CA1.8. Realizouse o seguimento dos resultados de acordo coa estratexia aplicada.	
CA1.9. Relacionáronse os produtos ou servizos coa súa posible contribución aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).	
PESO 10%	CUALIFICACIÓN NUNHA ESCALA 1-10

RA2. Formula solucións ás necesidades do sector tendo en conta a viabilidade destas e os custos asociados, e elabora un pequeno proxecto.	
CA2.1. Identificáronse as necesidades.	
CA2.2. Formuláronse en grupo posibles solucións.	
CA2.3. Obtívose a información relativa ás solucións propostas.	
CA2.4. Identificáronse aspectos innovadores que poidan ser de aplicación.	
CA2.5. Realizouse o estudo de viabilidade técnica.	
CA2.6. Identificáronse as partes do proxecto.	
CA2.7. Prevíronse os recursos materiais e humanos para o realizar.	
CA2.8. Realizouse o orzamento correspondente.	
CA2.9. Definiuse e elaborouse a documentación para o seu deseño.	
CA2.10. Identificáronse os aspectos relacionados coa calidade do proxecto.	
CA2.11. Presentáronse en público as ideas máis relevantes dos proxectos propostos.	

PROXECTO INTERMODULAR

PESO 20%	CUALIFICACIÓN NUNHA ESCALA 1-10	
RA3. Planifica a execución das actividades propostas á solución formulada, determinan do o plan de intervención, e elabora a documentación correspondente.		
CA3.1. Temporizáronse as secuencias das actividades.		
CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística de cada actividade.		
CA3.3. Identificáronse permisos e autorizacións en caso de ser necesarios.		
CA3.4. Identificáronse as actividades que implican riscos na súa execución.		
CA3.5. Tivéronse en conta o plan de prevención de riscos e os medios e os equipamentos necesarios.		
CA3.6. Asignáronse recursos materiais e humanos a cada actividade.		
CA3.7. Tivéronse en conta posibles imprevistos.		
CA3.8. Propuxéronse solucións aos posibles imprevistos.		
CA3.9. Elaborouse a documentación necesaria		
PESO20%	CUALIFICACIÓN NUNHA ESCALA 1-10	
RA4. Realiza o seguimento da execución das actividades propostas, verificando que se cumpra coa planificación.		
CA4.1. Definiuse o procedemento de seguimento das actividades.		
CA4.2. Verificouse a calidade dos resultados das actividades.		
CA4.3. Identificáronse posibles desviacións da planificación e/ou os resultados esperados.		
CA4.4. Informouse das desviacións en caso de ser necesario.		
CA4.5. Solucionáronse as desviacións e documentáronse as intervencións		
CA4.6. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto no seu conxunto.		
CUALIFICACIÓN NUNHA ESCALA 1-10	PESO 10%	
RA5. Transmite información con claridade, de maneira ordenada e estruturada.		
CA5.1. Mantívose unha actitude ordenada e metódica na transmisión da información.		
CA5.2. Transmítiuse información verbal tanto horizontal como verticalmente.		
CA5.3. Transmítiuse información entre os membros do grupo utilizando medios informáticos.		
CA5.4. Coñecéronse os termos técnicos noutras linguas que sexan estándares do sector.		
PESO 40 %	CUALIFICACIÓN NUNHA ESCALA 1-10	

ANEXO IV: Criterios de avaliación da forma ESCRITA do proxecto

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN											
FORMA E ESTRUCTURA DO PROXECTO ESCR.											
CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN											
Puntuación	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	
Extensión, portada e índice segundo especificacións.											
Identificación de todos os apartado central, pax 10)											
Bibliografía segunda especificacións.											
Adecuación ás normas xerais expostas.											
Redacción, faltas de ortografía, faltas											
Presentación, estrutura e organización.											
PESO 20%	PUNTOS DE 1 A 10				NOTAPONDERADA						

ANEXO V: Criterios de avaliación da exposición ORAL do proxecto

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN										
EXPOSICIÓN ORAL DO PROXECTO										
CONCRECIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN APLICABLES										
Escala	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
O tempo utilizado na exposición é adecuado.										
A exposición seguiu unha secuencia Ordenada.										
Claridade e precisión na exposición.										
Seguridade nos plantexamentos.										
Mantén a atención do público.										
O ton de voz e a expresión en xeral Son corretos para unha presentación.										
Empregáronse ferramentas informáticas adecuadas a presentación dos recursos adecuado										
Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións da exposición.										
Contestouse de xeito adecuado e xustificouse realizadas pola comisión de avaliación.										
PESO (40%)	PUNTOS (1 a 10)			NOTA PONDERADA						

ANEXO VI: Resumo da cualificación do proxecto

Nome ALUMNO/ALUMNA:		
PARTE ESCRITA DO PROXECTO (EXEMPLO 60% DA NOTA)		
RESULTADO APRENDIZAXE	Peso %	PUNTOS
RA1. Caracteriza as empresas do sector atendendo á súa organización e ao tipo de produto ou servizo que ofrecen.	10	
RA2. Formula solucións ás necesidades do sector tendo en conta a viabilidade destas e os custos asociados, e elabora un pequeno proxecto.	20	
RA3. Planifica a execución das actividades propostas á solución formulada, determinando o plan de intervención, e elabora a documentación correspondente.	20	
RA4. Realiza o seguimento da execución das actividades propostas, verificando que se cumpra coa planificación.	10	
RA5. Transmite información con claridade, de maneira ordenada e estruturada.	40	
VALORACIÓN PARCIAL PARTE ESCRITA		
VALORACIÓN PARCIAL PONDERADA PARTE ESCRITA (60%)		
PARTE EXPOSICIÓN ORAL (40% DA NOTA)		
VALORACIÓN PARCIAL DA EXPOSICIÓN		
VALORACIÓN PARCIAL PONDERADA DA EXPOSICIÓN (40%)		
NOTA FINAL DO PROXECTO		

ANEXO VII: Bibliografía

Realizar unha cita ou citar, consiste en incluír no traballo a o nome do autor/es de quen obtivemos a información ou idea concreta e que utilizamos no mesmo.

Si as ideas e os textos son de creación propia e orixinal non é preciso incluír as citas no traballo.

- ✓ Si a oración inclúe o apelido do autor, só se escribe a data entre paréntese:

Ex: Viadero (2007) informa que unha análise de máis de douscentos estudos evidencia correlación entre as ensinanzas sociais e o melloramento do desempeño social.

- ✓ Si non se inclúe o autor na oración, escíbese entre paréntese o apelido e a data.

REGULAMENTO DO MÓDULO DE PROXECTO

Ex: Unha análise de máis de douscentos estudos evidencia correlación entre as ensinanzas sociais e o melloramento do desempeño social (Viadero, 2007).

- ✓ Si a obra ten máis de dous autores, cítase a primeira vez con todos os apelidos e si se vai citar máis veces só se escribe o apelido do primeiro autor seguido da frase: et al (e outros).

Ex 1: O termo intelixencia emocional foi utilizado por primeira vez por Salovey e Mayr en 1990 (Álvarez, Valdés e Curiel, 2006).

Ex 2: En canto ao desempeño escolar, Álvarez et al. (2006) encontraron que a intelixencia emocional non incide no mesmo.

APUNTES OU MATERIAL NON PUBLICADO

- ✓ Apuntes en formato papel. Pode ser que pertencen a un autor determinado ou a unha institución.
 - Apelidos, A. A. (Ano). *Título*. Material non publicado.
 - Institución (Ano). *Título*. Material non publicado

Ex 1: Prieto, F (2011). *Tema 2: Desenvolvemento e adquisición da capacidade lingüística*. Material non publicado.

Ex 2: Universidade Internacional da Rioxa (2011) *Tema 2: Desenvolvemento e adquisición da capacidade lingüística*. Material non publicado

- ✓ Apuntes en formato electrónico. Pode ser que pertencen a un autor determinado ou a unha institución.

- Apellidos, A. A. (Ano). Título. Material non publicado. Recuperado o (data) de [http:// www.xxxxxx](http://www.xxxxxx).

Ex: Prieto, F. (2011). *Tema 2: Desenvolvemento e adquisición da capacidade lingüística*. Material non publicado. Recuperado o 16 de febreiro de 2012 de http://infantil.unir.net/cursos/GMEI06PER19_I19/

ARTIGOS

- ✓ Artigo en formato papel
 - Apelidos, A. A., Apelidos, B. B. e Apelidos, C. C. (Data). Título do artigo. Título da publicación, volume (número), xx-xx.

Ex: García, M. (2010). De cómo la teoría puede mejorar el conocimiento y dirigir la práctica escolar en atención a la diversidad. *Revista de Teoría y Didáctica de las Ciencias Sociales*, 16, 29-51

- ✓ Artículo en formato electrónico
 - Apellidos, A. A., Apellidos, B. B. e Apellidos, C. C. (Data). Título do artigo. Título da publicación, volume (número), xx-xx. Recuperado de <http://www.xxxxxx>

Ex: Biencinto, C., González, C., García, M., Sánchez, P. e Madrid, D. (2009). Diseño y propiedades psicométricas del AVACO-EVADIE. Cuestionario para la evaluación de la atención a la diversidad como dimensión educativa en las instituciones escolares. *RELIEVE*, 15(1), 1-36. Recuperado de http://www.uv.es/RELIEVE/v15n1/RELIEVEv15n1_4.htm

LEXISLACIÓN

EX.-Decreto 72/2003, de 18 de marzo, de medidas de impulso da sociedade do coñecemento en Andalucía. Boletín Oficial da Xunta de Andalucía, 55, de 21 de marzo de 2003.

Ex: Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Boletín Oficial del Estado, 106, de 4 de mayo de 2006

Se non se ten acceso ao boletín, inclúese a data a continuación do título e non se pon o número do mesmo.

Ex: Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Boletín Oficial del Estado, de 4 de mayo de 2006

LIBROS

Libro en formato papel con autor:

- Apellidos, A. A. (Ano). *Título*. Ciudad: Editorial.

Ex: Sánchez, J.C. (2007). *Estadística aplicada educación*. Madrid: CCS

- ✓ Libro en formato electrónico:
 - Apellidos, A. A. (Ano). *Título*. Recuperado de <http://www.xxxxxx.xxx>

REGULAMENTO DO MÓDULO DE PROXECTO

Ex: Rodríguez, A. (2003). *Contos á orilla do soño*. Recuperado de

<http://bib.cervantesvirtual.com/>

servlet/SirveObras/platero/12593731999146073087846/p00_00001.htm#l_1_

PÁXINAS WEB OU BLOGS

- ✓ Con autor determinado ou que pertencen a unha institución.
 - Apelidos, A. A. (Ano). *Título do artigo*. Título da web. Recuperado o (data) ou n.d (si se descoñece a data da publicación) de <http://www.xxxxxx>.
 - Institución (ano). *Título do artigo*. Título da web. Recuperado o (data) ou n.d (si se descoñece a data da publicación) de <http://www.xxxxxx>.

Ex 1: Silva, C (2011). *¿Qué es la dislexia?* Recuperado o 1º de xuño de 2020 de <http://www.ladislexia.net/definicion-dislexia/>

Ex 2: Grupo Pedagogía Adaptativa (s.f.). *Investigación Pedagógica Adaptativa*. Recuperado el 10 de julio de 2012 de <http://adaptativa.jimdo.com/>

PRENSA

- ✓ Con autor: (Cando non hai autor, esa posición ocúpaa o título do artigo)
 - Apellido, N. I. (Ano, día do mes). *Título do artigo*. Título do periódico. Número. xx-xx.

Ex. Álvarez, P. (2013, 11 de setembro). Los colegios mayores se unen contra las novatadas universitarias. El País. Edición Digital.